

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 16.04.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 44598 (10/POC-007133)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro "Sin Querer Dos" o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019
- 1.2 45773 (10/POC-007316)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o balance do Goberno galego respecto da evolución da capacidade exportadora do sector da conserva nos últimos anos, así como os resultados que están a acadar as achegas da Xunta de Galicia para ese sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019
- 1.3 46323 (10/POC-007390)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as razóns da evolución que presenta en Galicia o emprego relacionado co mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019
- 1.4 46655 (10/POC-007428)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.5 47181 (10/POC-007496)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas dos bateiros referidas á modificación do proxecto de construción de pantaláns no porto de Cabo de Cruz, tendo en conta a realidade actual das embarcacións, as causas das reiteradas demoras e o prazo previsto para a súa execución
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 1.6 47525 (10/POC-007554)

Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre os convenios de colaboración asinados pola Consellería do Mar co Centro de Supercomputación de Galicia, e os seus obxectivos concretos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019

- 1.7 47685 (10/POC-007565)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas conclusións do estudo elaborado pola Unión de Consumidores de Galicia respecto do consumo de peixe na comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019

Punto 2. Propositions non de lei

40843 (10/PNC-003312)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como ao Parlamento e ao Consello Europeo, co fin de garantir o acceso aos caladoiros británicos do Gran Sol e das Malvinas na negociación do "Brexit".
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás propositions non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Flora María Miranda Pena

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 44598(10/POC-007133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro "Sin Querer Dos" o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 17:00:39
Nº Rexistro: 44598
Data envío: 24/01/2019 17:00:39.259

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ao naufraxio do cerqueiro “Sin Querer 2” e as medidas a tomar polo Goberno galego para garantir a seguridade nas costas galegas.

O día 19 de decembro o barco cerqueiro “Sin Querer 2” con base en Portonovo, pertencente á armadora Vixa de Meaño naufragou a 4.5 millas do Cabo Fisterra.

Este tráxico accidente saldouse co triste balance de tres mariñeiros mortos e un a día de hoxe aínda desaparecido, todos do concello de Cambados, sendo rescatados con vida os outros seis mariñeiros que formaban a tripulación do barco.

Este novo drama pon en evidencia o desprotexidas que están as nosas costas, a falta de medios, e o dilatado dos tempos de resposta dos servizos de salvamento. O risco que supón que uns 40.000 buques pasan a apenas uns quilómetros das nosas costas, polo chamado “corredor de Fisterra”, arredor do 80% con mercancías perigosas e que cada día centos de barcos saen a faenar e precisan protección.

No que vai do século XXI xa son máis de 100 barcos os que levan afundido nas costas galegas, os máis deles pesqueiros.

Neste contexto a base de salvamento marítimo de Rubio en Lires, Cee pechada desde hai catro anos, arredor de dous millóns de euros malgastados nun heliporto e





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 17:00:39
Nº Rexistro: 44598
Data envío: 24/01/2019 17:00:39.259

nunha nave inoperativas e coas instalacións pechadas, ao que hai que sumar os trece millóns de euros da adquisicións dun helicóptero que agora ten a súa base en Santiago a 70 quilómetros da costa, todo un despropósito.

Ao igual que o material para a loita contra a contaminación estea nunha nave en Fene e non na Costa da morte.

Haberá que agardar as conclusións das distintas investigacións postas en marcha, tanto polo Xulgado nº 2 de Instrución de Corcubión como pola Comisión de Investigacións de Accidentes Marítimos, mais hai cuestións relevantes que deben ter resposta por parte do Goberno galego, que teñen a ver co dispositivo de emerxencias e rescate. A seguridade das xentes do mar debe ser unha prioridade para o Goberno galego, non poden xogarse a vida continuamente cando saen ao mar.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Despois do traxico naufraxio do cerqueiro “Sin Querer 2” que medidas ten previsto adoptar a Consellaría do Mar para mellorar a seguridade nas nosas costas?

-A que hora se activou, cal foi e con que medios contou o dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo?

-Que medios dependentes do Goberno galego foron mobilizados?

-Cales foron os tempos de resposta dos medios aéreos para acudir ao lugar do sinistro?



CSV REXISTRO-CINQ8KTD-5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 17:00:39
Nº Rexistro: 44598
Data envío: 24/01/2019 17:00:39.259

-Ten solicitado o Goberno galego información a Sasemar para coñecer as causas do naufraxio?

-Ten intención o Goberno Galego de solicitar a transferencia das competencias de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 16:55:27

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 16:55:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 16:55:33

CSV REXISTRO-CINOSKT-D-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/01/2019 17:00:39

Nº Rexistro: 44598

Data envío: 24/01/2019 17:00:39.259

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 16:55:35

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 16:55:36

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 16:55:37



CSV REXISTRO-c3N08KTD-5

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 45773(10/POC-007316)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto da evolución da capacidade exportadora do sector da conserva nos últimos anos, así como os resultados que están a acadar as achegas da Xunta de Galicia para ese sector

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45773
Data envío: 07/02/2019 18:35:53.735

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector conserveiro galego é un segmento moi relevante e arraigado no tecido industrial galego, que supón o 7,3% do valor engadido bruto da súa industria manufacturera e o 3% do seu produto interior bruto.

Nas últimas décadas someteuse a un importante esforzo de reestruturación, de inserción nos mercados internacionais e de modernización das súas infraestruturas. Eidos aos que contribuíu o Plan Estratéxico da Industria Conserveira Galega Horizonte 2020.

Galicia é a primeira rexión europea e a segunda mundial na produción de conservas de peixe e marisco, cun peso do 86,5% do volume producido a nivel estatal e o 80% do seu valor económico.

No eido da comercialización, acadáronse cifras récord como os 2.000 M € de exportacións ou o aumento de máis do 6% no volume de facturación respecto a 2016. É por iso que a Consellería do Mar reflicte, no último orzamento, a súa aposta pola comercialización dos produtos do mar cunha suba de máis do 4% da partida destinada a mellorar a valorización dos produtos do mar; un incremento de máis do 5% da partida destinada a axudas ás PEMES da transformación dos produtos do mar; e un afianzamento da partida destinada a blindar a participación de Galicia en eventos expositivos internacionais, próxima aos 9 M €.

Conscientes de que a Xunta de Galicia aposta por mellorar a competitividade do sector conserveiro en termos de comercialización e internacionalización, os deputados deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que balance fai da evolución da capacidade exportadora do sector da conserva nos últimos anos?
- Que resultados están a achegar as achegas da Xunta de Galicia para este sector?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2.019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-mY0ZK6AZ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45773
Data envío: 07/02/2019 18:35:53.735

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 18:34:02

María Ángeles García Míguez na data 07/02/2019 18:34:20

Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 18:34:28

Alberto Pazos Couñago na data 07/02/2019 18:34:42

Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2019 18:34:54

María Soraya Salorio Porral na data 07/02/2019 18:35:08

Daniel Vega Pérez na data 07/02/2019 18:35:15



CSV REXISTRO-mYvOZKwZ-5

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46323(10/POC-007390)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da evolución que presenta en Galicia o
emprego relacionado co mar

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

Os datos de afiliación de finais de decembro de 2018, amosan una redución da afiliación ao réxime especial do mar que é cando menos preocupante. Si cando vostedes chegaron ao goberno tiñamos preto de 25.000 afiliados ao réxime especial do mar hoxe apenas chegamos aos 21.000 cunha redución do 16%.

Estes datos converten ao sector do mar galego en un dos sectores con peor comportamento en canto a afiliación, incapaz ademais de seguir o rumbo do resto de sector que recuperan afiliación, o que demostra que esta situación non ten a ver cos ciclos económicos senón coas políticas aplicadas polas distintas administración sobre o sector, que pretenden unha reconversión co obxectivo de incentivar outro tipo de ocupación do mar en Galicia e no conxunto de Europa.

Tal como se reflexa nesta táboa, Galicia perde dende fai unha década un emprego diario no noso mar. Sendo incluso pero a situación dos empregados por conta propia.



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:15
Nº Rexistro: 46323
Data envío: 14/02/2019 10:55:15.453

Mar	Total	R. Esp. Mar Conta Allea	R. Esp. Mar Conta Propia
2008/Decembro	24795	13608	11187
2009/Decembro	24176	13174	11002
2010/Decembro	23572	12927	10645
2011/Decembro	23174	12808	10366
2012/Decembro	22397	12305	10092
2013/Decembro	21613	11656	9957
2014/Decembro	21183	11655	9528
2015/Decembro	20270	10940	9330
2016/Decembro	20580	10888	9692
2017/Decembro	20741	11055	9686
2018/Decembro	20846	11207	9639

Por todo o exposto, as deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que explicación pode ofrecer a Consellería do Mar á dramática situación do noso mar en termos de emprego?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



CSV REXISTRO-1K1N9DKz-7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:55:15
Nº Rexistro: 46323
Data envío: 14/02/2019 10:55:15.453

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 10:53:09

Flora María Miranda Pena na data 14/02/2019 10:53:15



CSV REXISTRO-1K1N9DKz-7

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 46655(10/POC-007428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar ao respecto

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:39:10
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182


Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:39:10
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente se importa, como media, con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiros de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiros existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres


Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:39:10
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:33:14


Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:33:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:33:26

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:33:28

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:33:29

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:33:31



CSV: 68890X7L8

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 47181(10/POC-007496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas dos bateeiros referidas á modificación do proxecto de construción de pantaláns no porto de Cabo de Cruz, tendo en conta a realidade actual das embarcacións, as causas das reiteradas demoras e o prazo previsto para a súa execución

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Nos orzamentos do ano 2018 figuraba unha partida destinada á construción de pantaláns para embarcacións de acuicultura en Cabo de Cruz, concello de Boiro, por un importe de 1.700.000 €, pero a realidade é que a día de hoxe, estes pantaláns non están construídos. Nos orzamentos de 2019 figura de novo unha partida por importe de 2.000.000 €.

O expediente 3/2018/CNTOB, tiña por obxecto a construción de espazos para embarcacións de acuicultura nese molle por valor de 5.996.221,33 euros sen IVE. Publicouse no DOG do venres, 2 de marzo de 2018, pero en maio dese mesmo ano tivo lugar unha xuntanza entre técnicos de Portos de Galicia e representantes do sector bateeiro. Na dita xuntanza os bateeiros explicaron que as características mudaron desde o ano no que se redactou o proxecto inicial, porque as medidas tomadas como referencia, naquel entón, non son un parámetro válido na actualidade, xa que a maioría das antigas embarcacións que se tiveron en conta nos estudos previos xa non existen.

Nunha reunión mantida recentemente con este grupo parlamentario, os bateeiros puxeron de manifesto a súa preocupación pola disparidade que hai entre a relación de embarcacións reflectidas no proxecto e as existentes na actualidade. Descoñecen a procedencia desta relación, valoran incluso a posibilidade de que se trate de embarcacións que existían no ano 2009 cando se fixeron os estudos previos da obra. Esta cuestión é fundamental aclarala porque a incongruencia existente crea graves problemas de operatividade, impediría que os novos barcos poidan usar os pantaláns, dadas as medidas de 18 metros que teñen na actualidade.

En decembro de 2018, a empresa adxudicataria reuniuse cos bateeiros, e para sorpresa destes últimos, o proxecto non sufrira ningunha modificación, cuestión que causou un gran malestar no sector e, como consecuencia, o sector non está disposto a aceptar a súa execución sen que recolla as novas demandas e garanta a operatividade no porto de Cabo de Cruz.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 11:11:49
Nº Rexistro: 47181
Data envío: 04/03/2019 11:11:49.734

Ante esta sucesión de atrasos e de incertezas é preciso coñecer en que situación se atopa o proxecto, determinar se este recolle as modificacións precisas, así como se é preciso realizar unha nova licitación.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta oral contestación ás seguintes preguntas:


- 1ª) Vai recoller o Goberno galego as demandas dos bateiros atendendo á realidade actual das embarcacións en Cabo de Cruz, en caso positivo, cando?
- 2ª) Vai recoller o Goberno galego as demandas dos bateiros atendendo á necesidade de modificar a distribución do espazo, en caso positivo, cando?
- 3ª) Cales son as causas que motivaron os continuos retrasos no proxecto que ten por obxecto a construción de pantaláns para embarcacións de Cabo de Cruz?
- 4ª) Cando considera o Goberno galego que este proxecto será unha realidade?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/03/2019 11:05:57

Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2019 11:06:12



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 47525(10/POC-007554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os convenios de colaboración asinados pola Consellería do Mar co Centro de Supercomputación de Galicia, e os seus obxectivos concretos

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 12:52:15
Nº Rexistro: 47525
Data envío: 11/03/2019 12:52:15.391



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

O CESGA ven de celebrar os seus 25 anos de existencia, e presentar o proxecto do seu supercomputador que chegará aos 2 petaflops de capacidade, que estará operativo a comezos do 2020, esta inversión de preto de 7,5 millóns de euros pon a disposición da comunidade científica e da Xunta de Galicia un equipo con enormes capacidades para o tratamento de datos e análise da información.

Nese sentido en outros lugares do Estado e de Europa, estanse utilizando estas capacidades para axudar a entender a situación, por exemplo dos stocks e viabilidade futura de moitas pesquerías, e tivemos coñecemento da participación do CESGA en proxectos como o MareFrame que permiten analizar as variables futuras de diversas pesquerías, en concreto a da anchoa no Golfo de Cádiz; tendo esta ferramenta á nosa disposición sería irresponsable non utilizala para a elaboración e apoio de informes para respaldar as demandas nesta materia da consellería e o sector do mar

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8.^a

Existe algún convenio, neste sentido, entre o CESGA e a Consellería do Mar?

De ser así, cales son os convenios e obxectivos concretos da colaboración?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 12:52:15
Nº Rexistro: 47525
Data envío: 11/03/2019 12:52:15.391




Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 11/03/2019 12:40:01

Paula Quinteiro Araújo na data 11/03/2019 12:40:10



CSV: 0bXhQc8

Verificación

<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 47685(10/POC-007565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas conclusións do estudo elaborado pola Unión de Consumidores de Galicia respecto do consumo de peixe na comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 10:50:54
Nº Rexistro: 47685
Data envío: 13/03/2019 10:50:54.007

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Está demostrado que o consumo de peixe proporciona grandes beneficios á saúde humana porque contén unha alta concentración de nutrientes, vitaminas e minerais. O peixe é un dos alimentos máis saudables e unha das mellores fontes de ácido Omega 3, importante para o funcionamento do corpo, o cerebro, e para a prevención de varias doenzas. Recentes estudos tamén relacionan o seu consumo cun menor risco de padecer diabetes.

As recomendacións sobre consumo de peixe establecen unha proporción de 3 a 4 veces á semana (1 ración = 125-150 gramos). Pero esta frecuencia parece non se acadar na nosa comunidade, así queda reflectido no estudo realizado pola Unión de Consumidores de Galicia, no que se analizan as preferencias de consumo da poboación galega entre diferentes grupos de alimentos. Concretamente, inclúese un apéndice relativo ao consumo deste produto na nosa comunidade autónoma. Isto levouse a cabo co fin de avaliar se a dieta da cidadanía galega segue as recomendacións dos expertos e profesionais para unha alimentación equilibrada.

Os datos establecen que case a metade dos galegos e das galegas consumen peixe dúas ou tres veces á semana, por debaixo, polo tanto, da frecuencia recomendada. Un 27 % afirman consumilo só unha vez cada sete días e máis do 10 % con menor frecuencia ou nunca. Se se analizan os datos por idades, no colectivo formado por persoas de entre 18 a 30 anos, só o 37 % consume peixe unha vez por semana, e case un 19 % con menor frecuencia ou nunca.

Polo tanto, todas estas vantaxes que se asocian ao consumo de peixe na cantidade recomendada, desaparecen cando este consumo se fai en cantidades insuficientes.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego das conclusións deste estudo sobre o consumo de peixe elaborado pola Unión de Consumidores de Galicia?

CSV: a16a1d01r1
Comisión 8ª
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 10:50:54
Nº Rexistro: 47685
Data envío: 13/03/2019 10:50:54.007

2ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto ao tramo de idade comprendida entre 18 e 30 anos, xa que só o 37 % do colectivo consume peixe unha vez por semana?

3ª) Vai levar a cabo algún tipo de actuación en relación coa baixa frecuencia de consumo de peixe na nosa comunidade autónoma, en caso positivo, que actuación?


Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2019 10:45:54

Patricia Otero Rodríguez na data 13/03/2019 10:46:07

Julio Torrado Quintela na data 13/03/2019 10:46:19



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 40843(10/PNC-003312)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como ao Parlamento e ao Consello Europeo, co fin de garantir o acceso aos caladoiros británicos do Gran Sol e das Malvinas na negociación do "Brexit". (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:26
Nº Rexistro: 40843
Data envío: 26/11/2018 13:26:16.964

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Diego Calvo pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre este tema.

Exposición de motivos.

Dende que tivo lugar o referendo sobre a permanencia do Reino Unido na Unión Europea, dende o sector pesqueiro asumíase que se iniciaba un proceso longo e farragoso ata chegar a plasmar un acordo que satisfaga a todas as partes interesadas.

Un papel moi importante foi o que xogou a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, que dende o minuto un empezou a traballar na obtención do maior número de argumentos para defender os seus intereses pesqueiros, minimizar o seu impacto e, a maiores, facer unha oportunidade deste proceso inédito en Europa.

Deste xeito, dende a Consellería do Mar en cargáronse unha serie de informes para avaliar as consecuencias do Brexit para a pesca galega, ou analizar aspectos do eido

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:26
Nº Rexistro: 40843
Data envío: 26/11/2018 13:26:16.964

socioeconómico como o posible impacto por cese da pesquería e de acceso ás augas, particularmente dos buques que faenan en augas británicas e Malvinas.

Concretamente, solicitouse un informe ao Instituto Universitario de Estudos Europeos, “Salvador Madariaga”, da Universidade da Coruña, e dous informes á profesora de Economía Aplicada e experta en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago, María do Carmen García Negro.

A maiores, este Goberno da man do sector buscou alianzas en rexión e estados membros na defensa de intereses comúns. Este foi o caso da EUFA, unha alianza pesqueira composta por organizacións de 9 países europeos.

Un paso esperanzador deuse a mediados de novembro, cando se alcanzou un borrador de preacordo do Brexit, acordado a nivel técnico polos negociadores do Reino Unido e a Unión Europea, tal e como anunciou a propia primeira ministra británica Teresa May.

O máis importante para nós foi que, cos pasos dados ata o momento, sabemos que a pesca non vai ser deixada á súa sorte, senón máis ben o contrario, este borrador de acordo garántenos estar no núcleo da negociación, garantindo esa relevancia política durante toda a negociación que se buscou dende o primeiro momento, e co amparo de que mentres non se acade un novo acordo, ningún aspecto cambiará, de xeito que España non se verá afectada no acceso aos caladoiros, xa que o Reino Unido seguirá baixo a PCP e o reparto comunitario de cotas.

Por todo o sinalado, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei, para alcanzar o máximo acordo nun asunto tan crucial para a nosa frota como o que estamos a debater:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:26
Nº Rexistro: 40843
Data envío: 26/11/2018 13:26:16.964

1.- Continuar traballando para asegurar o acceso aos caladoiros británicos do Gran Sol e das Malvinas e que este aspecto supedite o acceso aos mercados europeos dos produtos pesqueiros británicos.

2.- Dirixirse ao parlamento Europeo e ao Consello Europeo para iniciar os trámites que supoñan a negociación dun acordo pesqueiro co Reino Unido que impida que haxa un baleiro normativo – xurídico que leve a un corte no acceso pesqueiro aos caladoiros de Gran Sol e Malvinas.”

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/11/2018 13:19:10

Teresa Egerique Mosquera na data 26/11/2018 13:20:13

María Ángeles García Míguez na data 26/11/2018 13:20:29

Alberto Pazos Couñago na data 26/11/2018 13:20:37

Martín Fernández Prado na data 26/11/2018 13:21:06

Diego Calvo Pouso na data 26/11/2018 13:21:32

Marta Rodríguez Arias na data 26/11/2018 13:21:43

María Soraya Salorio Porral na data 26/11/2018 13:21:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:26
Nº Rexistro: 40843
Data envío: 26/11/2018 13:26:16.964

Daniel Vega Pérez na data 26/11/2018 13:21:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com